



CONCURSO POSTAIS DE NADAL EN SADA

PRIMEIRA.- O concurso ten por obxectivo principal o fomento da creatividade dos nenos con motivo das festas de Nadal.

SEGUNDA.- Cada autor poderá concorrer cunha única postal que deberá ser orixinal e inédita, entendéndose como tal unha obra que sexa da súa exclusiva autoría e propiedade e que non teña sido exposta nin presentada anteriormente en ningún outro certame ou concurso. O tema a empregar deberá estar relacionado co Nadal tradicional galego, valorando a inclusión de elementos alusivos á figura do Apalpador, figura mítica da tradición galega. O tamaño suxerido será o correspondente a un A4, sendo as técnicas de pintura de libre elección.

TERCEIRA.- O concurso está dirixido a todos os rapaces e rapazas de Sada, menores de 18 anos, cun único traballo por autor/a.

CUARTA.- Os traballos deberán presentarse como data límite o venres 9 de decembro nos centros escolares (CEIPs e I.E.S) da localidade, Omix Sada ou ben no rexistro xeral. O Xurado reunirse na Casa Consistorial o luns 12 de decembro para fallar o Concurso.

QUINTA.- Cada traballo debera levar ao dorso os datos do/a autor/a: Nome, apelidos, idade, enderezo, localidade, parroquia, teléfono e/ou correo electrónico.

SEXTA.- O xurado estará composto por un total de 5 persoas pertencentes ás áreas de Educación, Cultura, e Xuventude do Concello de Sada.

SÉTIMA.- As persoas gañadoras do concurso xunto coa imaxe do seu traballo publicaranse na web e redes sociais do Concello, empregándose tamén como imaxe da campaña comercial de Nadal.

OITAVA.- Ademais da publicación e difusión haberá 6 premios que valorados en 150€ para os deseños mellor valorados polo xurado, nas seguintes categorías:

- 1º, 2º e 3º premio de ata 8 anos

- 1º, 2º, e 3º premio de 9 a 18 anos

Os gañadores anunciaranse o día 12 de decembro de 2022, a través da web e redes sociais do Concello, e contactando persoalmente a través dos datos facilitados nas propias postais.

O Concello gárdase o dereito de declarar o concurso, ou algunha das categorías, deserto se así o considera.

NOVENA.- A participación neste concurso implica a aceptación destas bases e a cesión ao Concello de Sada dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre os traballos presentados previstos na lexislación sobre a Propiedade ou a



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

súa edición dixital, así como calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual.

DÉCIMA.- De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e/ou dos do menor (no seu caso) é o Concello de Sada (Avenida da Mariña, 25, 15160 Sada, A Coruña).

Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de Postais organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán (excepto no dito na cláusula sétima), salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.sada.gal/opencms/es/>.

Sada, na data da sinatura dixital

O Concelleiro de Educación, Xuventude, Emprego e Desenvolvemento,

Sergio García López